

CAMPIONATO ZONAL DE CAMPO A TRAVÉS 2018/19

O Servizo Provincial de Deportes de A Coruña da Xunta de Galicia, a Agrupación Deportiva Escolar Escolarix, a FGAT e o Concello de A Baña, organizan o Campionato Zonal da modalidade CAMPO A TRAVÉS do programa XOGADE.

NORMATIVA:

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os colexios, clubs, ANPAS e asociacións da zona, que cumpran os requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro (benxamín, alevín e infantil), ou os tres mellor clasificados/as (na categoría cadete).

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Calquera aspecto non recollido nestas normas rexerese pola normativa xeral Xogade e o Regulamento federativo.

CATEGORÍAS

- **BENXAMÍN:** nados nos anos 2010-2011 masculino e feminino.
- **ALEVÍN:** nados nos anos 2009-2008 masculino e feminino.
- **INFANTIL:** nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.
- **CADETE:** nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes neste Campionato zonal de Campo a Través Escolar rematará o **xoves 29 de novembro de 2018**, e farase utilizando as follas de inscrición adxuntas (modelo excel).

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con **imperdibles**. A organ

LUGAR E DATA

Circuito pabillón municipal de A Baña. Martes 04 de decembro do 2018.

HORARIO

Entrega de dorsais: a partir das 10 h.

PREMIOS

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría.

CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

No caso de precisar **autobús**, solicitalo, como data tope o 30 de novembro de 2018, no enderezo electrónico adasriasdbus@gmail.com.

FOLLAS DE INSCRICIÓN E IMPRESO DE SOLICITUDE DE TRANSPORTE FIGURAN NOS ARQUIVOS ADXUNTOS